

# PROGRAMA DE ACTIVIDADES con motivo do 25 de novembro

Día internacional contra  
a violencia de xénero



Consello Municipal da Muller



**NON O IGNORES non o ignores non o ignora**  
**non o xustifiques NON O XUSTIFIQUES non o xustifica**  
**escondas non o escondas non o escondas NON O ESCONDAS**

## AO LONGO DO MES DE NOVEMBRO

**Accións escénicas** en espazos públicos contra a Violencia de Xénero, a cargo do alumnado da ESAD (Escola Superior de Arte Dramática) de Galicia.

**Dirección e coordinación:** Mariana Carballal e Alberto Romero.

**Equipo técnico:** Alumnado do IES Audivisual de Vigo.

**Lugar:** No Mercado do Calvario, no Centro Comercial Travesía, na Estación de RENFE e no MARCO.

**Data/Hora:** O día 4 de novembro ás 12:00 h. no Mercado do Calvario. O día 11 de novembro ás 19:00 h. no Centro Comercial Travesía. O día 18 de novembro na Estación de RENFE ás 19:00 h. e o día 25 de novembro ás 11:30 h. no MARCO.

**Exposición fotográfica.** "No sólo duelen los golpes", de Pamela Palenciano. Composta de 46 imaxes e 7 textos.

**Lugar:** Escola Oficial de Idiomas, r/Martínez Garrido, 17.

**Data:** do 15 ao 29 de novembro.

### PROXECCIONS CINEMATOGRAFICAS

#### ▶ Ciclo de Cine "Realidades invisibles"

- Nenas Mal, de Fernando Sariñana. Luns, 8 de novembro.
- Eloise, de Jesús Garay. Luns, 15 de novembro.
- Mulleres no Cairo, de Yousry Nasrallah. Luns, 22 de novembro.
- O último verán da boyita, de Julia Solomonoff. Luns, 29 de novembro.

**Lugar:** Sala de Conferencias e Auditorio do Centro Cultural Caixanova, r/ Marqués de Valladares.

**Hora:** 20:30

**Colabora:** Cine Club Lumière.

#### ▶ Cinema infantil

- Pérez, o rato dos teus sonos, de Juan Pablo Buscarini. Sábado, 13 de novembro.
- Niki, a aprendiz de bruxa, de Hayao Miyazaki. Domingo, 14 de novembro.
- O meu veciño Totoro, de Hayao Miyazaki. Domingo, 21 de novembro.

**Lugar:** Verbum-Casa das Palabras, Avda de Samil, 17.

**Hora:** 17:30

#### ▶ Cinema xuvenil

- A brúxula dourada, de Chris Weitz e Philip Pullman. Domingo, 28 de novembro.

**Lugar:** Verbum-Casa das Palabras, Avda de Samil, 17.

**Hora:** 17:30

#### ▶ Vídeo Forum

- El tiempo de las mariposas, de Mariano Barroso. Martes, 16 de novembro.

**Hora:** 17:30

**Organiza:** Centro de Documentación e Recursos Feministas.

- Madame Brouette, de Moussa Sene Absa. Mércores, 17 de novembro.

**Hora:** 18:00

**Organiza:** Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos.

- Senorita Extraviada, de Lourdes Portillo. Martes, 23 de novembro.

**Hora:** 18:00

**Organiza:** Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos.

**Lugar:** Centro de Documentación e Recursos Feministas. Biblioteca Pública Central, r/Joaquín Yáñez, 6-2º.

Máis información sobre estas proxeccións cinematográficas na web:  
[www.igualdadevigo.org](http://www.igualdadevigo.org)

# NON O IGNORES non o ign iques NON O XUSTIFIQUES non o

## MÉRCORES, 24 de novembro

**Proxección dos microvídeos e exposición de carteis presentados aos concursos organizados pola Concellería de Igualdade e o Consello Municipal da Muller**

**Lugar:** auditorio municipal, praza do Rei.

**Hora:** durante todo o día. Entrega de premios pola tarde.

## XOVES, 25 de novembro

**Manifestación contra a Violencia de Xénero**

Sairá ás 20:00h dende a praza de Urzáiz.

**Organiza:** Marcha Mundial das Mulleres.

## LUNS, 29 de novembro

**Lectura da Declaración Institucional do Concello de Vigo,**

con motivo do 25 de novembro.

**Lugar:** Salón de plenos do Concello de Vigo.

**Taller sobre Violencia de Xénero, a cargo de Pamela Palenciano**

**Lugar:** Escola Oficial de Idiomas, r/ Martínez Garrido, 17.

**Hora:** de 17:00 a 19:00

**Inscripcións:** Concellería de Igualdade (tfno: 986 810 284 ou enderezo electrónico [ofi.muller@vigo.org](mailto:ofi.muller@vigo.org)).

## VENRES, 3 de decembro

**Fase final do concurso musical "Ao mesmo son".** Actuación das/os finalistas e dos grupos "The Crass" e "Berrogüetto".

**Lugar:** sala El Infierno, r/ Colón, 37.

**Hora:** 21:00

**Organiza:** Súbete ao Castro. Concellería de Xuventude.

Dende 1981, as militantes en favor dos dereitos da muller conmemoran o 25 de novembro como o día contra a violencia. A data foi elixida como conmemoración do brutal asasinato en 1960 das tres irmás Mirabal, activistas políticas da República Dominicana, por orde do gobernante dominicano Rafael Trujillo.

O 17 de decembro de 1999, a través da resolución 54/134, a Asemblea Xeral da ONU declarou o 25 de novembro como o Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller, e invítase aos gobernos, ás organizacións internacionais e ás organizacións non gobernamentais a que organicen ao redor desa data actividades dirixidas a sensibilizar á opinión pública respecto ao problema da violencia contra a muller.

Unha violencia cuxo obxecto é o de manter a muller nunha relación de submisión e discriminación. As vítimas de malos tratos, violacións, mutilacións xenitais, agresións económicas e psicolóxicas, asasinato, recórdanlles ás nosas sociedades unha causa pendente na historia da convivencia humana, o combate pendente pola dignidade, respecto, igualdade e liberdade da metade da poboación mundial. As mulleres non só sofren desigualdade respecto ao home, viven unha opresión milenaria e ven minguada a súa independencia e autonomía.

Con motivo desta conmemoración o Consello Municipal da Muller xunto coa Concellería de Igualdade do Concello de Vigo están a levar a cabo unha serie de actividades ao redor da lenda: "Non o ignores, non o xustifiques, non o escondas", procurando a implicación cada vez máis directa do conxunto da sociedade.

Animamos a participar nas actividades e actos programados!

A Concellería de Igualdade non se fai responsable dos cambios de última hora que se poidan producir nestes actos. Estas actividades están abertas ao público ata completar o aforo, agás aquelas nas que se especifique algo distinto.

Máis información na web [www.igualdadevigo.org/violencia.php](http://www.igualdadevigo.org/violencia.php)

AGRADECIMENTOS: Centro Comercial Travesía, Administrador de infraestructuras ferroviarias (Adif), Mercado do Calvario, MARCO, Cine Club Lumière, Verbum-Casa das Palabras, Centro Cultural Caixanova, Escola Oficial de Idiomas.

non o escondas NON O ESCONDAS